

A REPRODUCCIÓN

Nome: _____

Curso: _____

Data: _____

1 A fecundación prodúcese:

- a. Tras a formación do cigoto.
- b. Mediante a unión dos gametos.
- c. Sempre que se teñen relacións sexuais.
- d. Inmediatamente despois da menstruación.

2 A célula ovo ou cigoto fórmase:

- a. Tras a liberación dos gametos.
- b. Tras o acto sexual ou coito.
- c. Cando se produce a ovulación.
- d. Cando os núcleos dos dous gametos se unen.

3 Os testículos son:

- a. Dúas bolsas situadas fóra da cavidade abdominal.
- b. As gónadas masculinas onde se forman os espermatozoides.
- c. Glándulas que segregan estróxenos.
- d. Órganos copuladores masculinos.

4 O útero é:

- a. O órgano copulador que recibe o pene durante o coito.
- b. Un conduto que vai desde o ovario ata a vaxina.
- c. O órgano que aloxa o embrión durante o seu desenvolvemento.
- d. O lugar onde se producen os óvulos.

5 A espermatoxénese e a ooxénese son procesos:

- a. Que dan lugar á formación do cigoto.
- b. Que dan lugar aos testículos e aos ovarios.
- c. De produción de hormonas sexuais.
- d. De formación de gametos.

6 Os órganos internos do aparello reprodutor feminino son:

- a. Os ovarios, as trompas de Falopio e o útero.
- b. A vulva, a vaxina, os ovarios e o útero.
- c. As trompas de Eustaquio, a vaxina, o útero e os ovarios.
- d. O útero, a vaxina, os ovarios e as trompas de Falopio.

7 A implantación do embrión na parede do útero prodúcese:

- a. Inmediatamente despois da fecundación.
- b. Cando se formou a placenta.
- c. Ao sexto ou sétimo día despois da fecundación.
- d. Despois da ovulación.

8 Os métodos anticonceptivos utilízanse para:

- a. Evitar embarazos non desexados.
- b. Previr o contaxio de enfermidades.
- c. Que non se implante o embrión.
- d. Non transmitir enfermidades sexuais.

9 As enfermidades de transmisión sexual:

- a. Afectan unicamente aos órganos sexuais.
- b. Contáxianse durante as relacións sexuais.
- c. Prodúcense cando as relacións sexuais son frecuentes.
- d. Evítanse utilizando métodos anticonceptivos.

10 A sida é unha enfermidade:

- a. Que afecta aos órganos sexuais.
- b. Producida por bacterias que se contaxian durante as relacións sexuais.
- c. Que cando está latente non se transmite.
- d. Vírica de transmisión sexual.